

Bases Concurso

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, convocamos un concurso: **“Deseña a túa máscara contra a violencia de xénero”** (deseño dun **debuxo /lema para editar nunha mascarilla**).

Esta actividade será desenvolta nos centros educativos da localidade, participando como todos os anos na campaña promovida polo concello, especialmente dende o CIM, para loitar contra esta lacra social.

DEBUXOS.

A temática deberá ser exclusivamente sobre a violencia de xénero, contribuíndo o deseño a súa prevención.

A técnica será libre, e o debuxo de trazos sinxelos, podendo incluír ou non un lema.

O debuxo presentárase en formato dixital ou nunha lámina tamaño DIN A5 (medio folio).

As medidas do debuxo serán como máximo de 6x5 cm.

PRESENTACIÓN

O prazo par a súa presentación será **ata o día 13 de Novembro**. Os que se presenten dixitalmente enviaranse o seguinte correo: cifp.portadaauga@edu.xunta.es , indicando no Asunto: Concurso Debuxo máscara.

Os que se realicen en papel, presentáranse no Departamento de Orientación.

PREMIOS

De tódolos debuxos presentados, será escollido un deles para estampar nunha máscara, modelo que lle será entregado a todas as persoas que forman parte da comunidade educativa (alumnado, profesorado e persoal non docente). Este alumno/a ademais recibirá un vale de 50€ para gastar no comercio local (escollerá a persoa gañadora o comercio onde gasta o vale).

De todos os debuxos presentados tamén se fará unha selección que será enviada, xunto cos debuxos seleccionados nos outros centros educativos da localidade, ao CIM que empregaran estes debuxos para traballar a campaña así como a publicación dos mesmos na pantalla dixital do concello, onde se visionaran durante a semana do 25 de Novembro.

XURADO

Estará formado polas persoas que forman a comisión de igualdade do centro.